

Celebrada hoxe a súa Asemblea Xeral

**A ASEMBLEA DE EROSKI APROBA A
ADAPTACIÓN DOS SEUS ESTATUTOS SOCIAIS Á
NOVA LEI DE COOPERATIVAS**

- Apróbanse as contas anuais e o destino a reservas dos máis de 72 M€ de beneficios alcanzados
- Tamén se impulsa a creación dunha fundación para a xestión do fondo de cooperación decidido o ano anterior
- A Asemblea Xeral de delegados, o máximo órgano de decisión da cooperativa, convocou a 250 Socios Traballadores e a 250 Socios Consumidores

Barakaldo, 15 de xullo do 2020.- [EROSKI](https://www.eroski.es) celebrou esta tarde a súa Asemblea Xeral Ordinaria anual en Barakaldo (Biscaia), á que estaban convocadas 500 persoas socias representantes dos seus colectivos de Socios Traballadores e Socios Consumidores. O seu presidente, Agustín Markaide, repasou os obxectivos alcanzados o pasado exercicio e a consolidación dos seus resultados positivos.

Markaide lembrou que *"2019 foi un ano con importantes decisións no eido societario. Alcanzamos un acordo sólido para a reestruturación financeira e a aprobación da nova Lei de cooperativas supuxo un avance que lle posibilita ao movemento cooperativo manter o noso celme adaptándonos ao futuro, amais de establecer un marco normativo máis claro"*. Tamén destacou *"o crecemento dos beneficios operativos do grupo, o mellor resultado da historia do grupo EROSKI en relación coas vendas, un resultado que continúa a mellorar ata alcanzar case os 194 millóns de euros, o que confirma a solidez da evolución do grupo"*. Unhas contas, tanto as anuais individuais da cooperativa como as consolidadas do grupo EROSKI, que a Asemblea Xeral aprobou, xunto co Informe de Xestión do exercicio 2019.

Durante a Asemblea os socios e socias cooperativistas presentes aprobaron as modificacións dos estatutos estatutos sociais de EROSKI S. Coop. para adaptalos á nova Lei de cooperativas aprobada o pasado decembro.

O máximo órgano de decisión da cooperativa tamén acordou destinar a reservas os máis de 72 millóns de euros de beneficios alcanzados pola cooperativa matriz no exercicio 2019 e así reforzar os fondos propios, ao igual ca nos anos anteriores. Esta decisión alíñase coa adecuación aos cambios introducidos no 2018 no Congreso de Mondragón co gallo da aprobación do relatorio de distribución de

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSELLEIROS DO NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE ESQUERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

resultados para o reforzamento de recursos propios con aplicación a todas as cooperativas a partir dos resultados do exercicio 2019.

Ademais, os socios e socias cooperativistas presentes déronlle a súa aprobación á creación da fundación que vai xestionar o fondo de cooperación que decidiu constituir a asemblea xeral do ano pasado. Este fondo servirá para axudar no futuro aos socios que o precisen a realizar a achega ao capital social necesario marcado nos estatutos da cooperativa, *"unha mostra sólida da solidariedade que emana dos nosos principios cooperativos"*, afirmou Agustín Markaide.

Proceso participativo previo

A asemblea celebrada esta tarde culmina un amplo proceso de participación previa dos Socios Traballadores e Socios Consumidores de EROSKI, que, na súa organización, integrou as medidas de prevención e seguridade ante o COVID-19, e que suma numerosas sesións informativas, entre elas 30 xuntas preparatorias con conexións dixitais a 135 puntos e a intervención de 5.402 persoas socias traballadoras e case 15.000 persoas socias consumidoras.

A presidenta do Consello Reitor de EROSKI, Leire Mugerza, lembrou que tras 50 anos de traballo cooperativo o modelo de gobernanza de EROSKI, no que a capacidade de decisión dos socios traballadores e dos socios consumidores marca as directrices do proxecto, *"está a demostrar a súa eficacia e contribuíu de maneira determinante a que EROSKI sexa hoxe un referente no sector e a que os nosos sinais de identidade estean amplamente recoñecidos, como organización solidaria e comprometida coa saúde e o benestar social. Construímos o noso proxecto sobre a base da proximidade ás persoas consumidoras, que foron as catalizadoras do noso traballo e actuacións, para podermonos adaptar ás súas necesidades e hábitos de consumo. Algo que cobra, se pode, máis relevancia aínda nos tempos de crise sanitaria que nos está a tocar vivir actualmente, que revelou que as nosas singularidades como organización nos permitiron abordar unha situación de incerteza con fortaleza. Por iso quérolles agradecer a todas as persoas que integran este proxecto que orientasen o seu esforzo en beneficio da colectividade, nuns tempos nos que foi máis necesario ca nunca"*.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de distribución alimentaria no Norte, concretamente nas rexións de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, A Rioxa, Navarra, Aragón, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.645 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, e mais con gasolinerías, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 6 millóns

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSELLEIROS DO NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE ESQUERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



de Socios Clientes e con máis de 32.000 socios cooperativistas, traballadores e franquados.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSELLEIROS DO NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE ESQUERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)